

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LECTURA_INFORME_E_PROPOSTA_ADXUDICACION_MOBILIARIO_MI
HL.doc

Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO SITO NA AVENIDA INFANTA ELENA, ESQUINA COA RÚA RIO NARLA DA CIDADE DE LUGO FINANCIADO POLO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Sendo as 11.00 horas do día 5 de decembro de 2011, no despacho do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais:

- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista.
- Dona Paz Abraira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Angel Trabada Gómez, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica do Concello.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretaria.

Asisten así mesmo representantes das empresas AF STEELCASE, S.A., INSTALACIONES Y MOBILIARIO COMERCIAL MENDOZA, S.L. e APORTA MOBLES 2004, S.L.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Sra. Secretaria a informar que na sesión da Mesa de Contratación do día 29 de novembro de 2011 concluírase proponendo a adxudicación, condicionado a un informe do Servizo de Contratación referente á posibilidade de baixas temerarias, do seguinte xeito:

- “- Lote 1, á empresa ARCE AMOR, S.L., na cantidade de 24.268,33 €, IVE incluído.
- Lote 2, á empresa SUTEGA MOBILIARIO, S.L., na cantidade de 2.985,40 €, IVE incluído.
- Lote 3, á empresa ARCE AMOR, S.L., na cantidade de 1.484,97 €, IVE incluído.”

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refº:

ACTA_LLECTURA_INFORME_E_PROPOSTA_ADXUDICACION_MOBILIARIO_MI
HL.doc

Asunto:

Posteriormente e postos a analizar exhaustivamente o informe elaborado polo arquitecto municipal, don Ángel Riva Cabanas, acerca da puntuación outorgada nas ofertas técnicas, observouse que a empresa ARCE AMOR, S.L. había obtido 20 puntos no lote 3, non acadando polo tanto os 25 puntos mínimos esixidos para poderse ter en conta a súa oferta económica, segundo se dispón na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares.

Na súa consecuencia, a empresa que superando o mínimo de puntuación para o lote 3, presenta mellor oferta é APORTA MOBLES 2004, S.L., na cantidade de 2.272,67 €.

Con referencia ás baixas temerarias, observouse que as empresas propostas para a adxudicación do lote 1, ARCE AMOR, S.L. e do lote 3 APORTA MOBLES 2004, S.L. atópanse en baixa temeraria, polo que foi necesario requirilas a fin de que presentasen xustificación acerca da oferta presentada. A tal efecto, ámbalas dúas empresas presentaron xustificación da súa oferta, sendo informadas favorablemente por parte do arquitecto municipal, don Ángel Riva Cabanas en data 2 de decembro de 2011.

Á vista de todo o anteriormente exposto a Mesa de Contratación acorda propoñer a adxudicación do EQUIPAMENTO DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, ás seguintes empresas:

- Lote 1, á empresa ARCE AMOR, S.L., na cantidade de 24.268,33 €, IVE incluído.
- Lote 2, á empresa SUTEGA MOBILIARIO, S.L., na cantidade de 2.985,40 €, IVE incluído.
- Lote 3, á empresa APORTA MOBLES 2004, S.L., na cantidade de 2.272,67 €, IVE incluído.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 11.30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabarés Martínez